

emprende en cooperativa

cooperativa (de sociedade cooperativa) adx. ef. (Disenda) sociedade formada por persoas produtoras ou consumidoras, para operar en común e obter un beneficio maior.

GUÍA DE COOPERATIVISMO

XUNTA DE GALICIA

GUÍA DE COOPERATIVISMO

índice

1 Que é o programa convive +?

2 Que é unha cooperativa?

3 Principios cooperativos

4 Órganos sociais

5 Tipos de cooperativas

6 Normativa cooperativa en Galicia

7 Pasos para constituír unha cooperativa

8 Incentivos públicos ao cooperativismo

9 Enderezos útiles

QUE É O PROGRAMA CONVIVE +?

Convive + é un proxecto da Iniciativa comunitaria EQUAL, cofinanciado nun 75% polo Fondo Social Europeo, destinado a fomentar a creación de empresas, sobre todo de economía social.

Diríxese ás persoas inmigrantes e emigrantes retornadas que residen nas provincias da Coruña e Pontevedra.

O seu obxectivo é impartir unha formación teórica e práctica que facilite a creación de empresas de economía social: autoemprego, cooperativas, sociedades laborais...

QUE É UNHA COOPERATIVA?

Unha cooperativa é unha asociación autónoma de persoas que se unen de xeito voluntario para satisfacer as súas necesidades económicas, sociais ou culturais en común mediante unha empresa de propiedade conxunta e de xestión democrática.

Esta definición é global, forma parte da 'Declaración sobre a Identidade Cooperativa' adoptada pola Alianza Cooperativa Internacional en 1995 e, polo tanto, guía as lexislacións de todos os países.

Empresa

Autónoma

Persoas (físicas ou xurídicas) que comparten unha necesidade en común

Asociación voluntaria

Busca satisfacer en común as necesidades comúns

Propiedade conxunta, pertencendo a todas as socias e socios

Xestión democrática

Unha cooperativa é outra forma de facer empresa, onde priman as persoas.

As cooperativas nacen na tradición de principios filosóficos e sociais, como a axuda mutua, a responsabilidade compartida, a democracia, a igualdade, a equidade ou a solidariedade, entre outros.

Adhesión voluntaria e aberta

● *As cooperativas están abertas a todas as persoas que compartan a necesidade común e acepten a responsabilidade de ser socio ou socia, sen discriminación social, política, relixiosa, étnica, de xénero nin ningunha outra.*

Xestión democrática

● *Na asemblea xeral, formada por todas as socias e socios, cada persoa ten un voto, independentemente do capital que teña depositado na cooperativa. Deste xeito, todas as persoas contan o mesmo á hora de tomar decisións.*

Participación económica das socias e socios

● *O capital nas cooperativas ten un carácter instrumental, orientado a servir ao cumprimento do fin social, que é a satisfacción das necesidades comúns.*

Autonomía e independencia

● *As cooperativas dependen exclusivamente dos seus socios e socias, sen que outras institucións ou organizacións poidan influír nelas.*

Educación, formación e información

● *A cooperativa debe garantir formación e información aos socios e socias, potenciando así o exercicio da responsabilidade compartida.*

Cooperación entre cooperativas

● *Na relación entre cooperativas priman os principios de colaboración sobre os de competencia.*

Interese pola comunidade

● *As cooperativas están ligadas ás súas comunidades e na medida das súas posibilidades contribúen ao seu desenvolvemento.*

A cooperativa ten uns órganos sociais onde se expresa a vontade dos socios e socias.

Asemblea xeral

● *Está constituída por todas as persoas socias, validamente reunidas. É o máximo órgano de expresión da vontade social da cooperativa e nela son abordados e aprobados os temas de maior importancia.*


Consello rector

● *É o órgano de goberno, xestión e representación da cooperativa. Os seus membros son elixidos pola asemblea. Ademais doutros cargos que poidan establecerse nos estatutos, no consello rector haberá presidencia, vicepresidencia e secretaria.*

Intervención

● *As persoas elixidas pola asemblea para ser interventoras cumpren unha función de control e fiscalización na cooperativa.*

Ademais dos órganos sociais, as cooperativas deberán desenvolver unha organización produtiva, para levar a cabo a súa actividade. O modelo organizativo polo que se opte dependerá do tipo de actividade, tamaño da cooperativa, grao de especialización, etc. O posto que adoita ser o nexo de coordinación entre as decisións dos órganos sociais e a organización produtiva é a xerencia.





Existen diferentes tipos de cooperativas, en función de:

- Quen son os seus socios ou socias
- Cal é a necesidade en común que teñen e queren atender a través da cooperativa

Cooperativas de primeiro e de segundo grao

A diferenza entre cooperativas segundo o seu grao refírese a quen conforma a cooperativa.

- Primeiro grao: formadas por persoas físicas, ou titulares de negocios e explotacións
- Segundo grao: formadas por cooperativas de primeiro grao
- Terceiro grao: formadas por cooperativas de segundo grao
- E así sucesivamente...

Cooperativas de consumo, de servizos e de traballo

A diferenza máis clara entre as tipoloxías de cooperativas é a marcada **polo tipo de necesidade común** que se pretende atender. É fundamental comprender esta diferenza cando se busca constituír unha cooperativa. Para entender o concepto, distinguimos tres tipos principais:

As cooperativas de consumo parten dunha necesidade de acceso a bens ou servizos por parte de persoas físicas ou familias. A base social deste tipo de cooperativas serían persoas co estatuto de socias-consumidoras.

As cooperativas de servizos parten dunha necesidade de mellorar o rendemento dun negocio ou explotación económica. Os socios e socias destas cooperativas son titulares de negocios (dunha farmacia, dunha explotación gandeira, dunha explotación de horta...). Teñen as mesmas necesidades que outros negocios semellantes e buscan resolvelas en común.

As cooperativas de traballo asociado parten da necesidade común dun emprego digno. A base social destas cooperativas serán persoas co estatuto de socias traballadoras. A través da cooperativa buscan acadar un posto de traballo.

A lexislación galega diferencia moitos máis tipos atendendo tamén ao sector de actividade. Así, determina que existen: cooperativas de traballo asociado, cooperativas agrarias, cooperativas de explotación comunitaria da terra, cooperativas de consumo, cooperativas de servizos, cooperativas de transportistas, cooperativas do mar, cooperativas de explotación de recursos acuícolas, cooperativas de vivendas, cooperativas de ensino, cooperativas de integración social, cooperativas de servizos sociais, cooperativas de crédito, cooperativas de seguros e cooperativas sanitarias.



En Galicia, as competencias públicas en materia cooperativa corresponden á Xunta de Galicia. Iso significa que a Lei de referencia para formar unha cooperativa na nosa comunidade é unha lei galega, concretamente, a **Lei 5/1998, do 18 de decembro, de Cooperativas de Galicia**. As outras comunidades autónomas do Estado contan coas súas respectivas leis nesta materia.

Algunhas características relevantes que establece a Lei Galega de Cooperativas son:

- O número mínimo de persoas para constituír unha cooperativa de primeiro grao é de catro. No caso das cooperativas de traballo asociado o número mínimo é de tres persoas.
- O capital social mínimo da cooperativa é de 3.000 euros.
- As cooperativas suxeitas a esta lei inclúen na súa denominación as palabras ‘Sociedade Cooperativa Galega’ ou a súa abreviatura ‘S. Coop. Galega’.

As políticas de apoio e fomento do cooperativismo son tamén competencia da Xunta de Galicia. Actualmente, asume esta competencia a Consellería de Traballo, que alberga a Dirección Xeral de Relacións Laborais, onde se inscribe a Subdirección Xeral de Cooperativas e Economía Social.

Ademais doutras actividades de divulgación, estudo e promoción do asociacionismo, todos os anos a Subdirección Xeral de Cooperativas e Economía Social dispón unha liña de axudas e subvencións para a constitución de novas cooperativas, a incorporación de socias e socios e a consolidación das cooperativas xa existentes.

Existen dous niveis a atender na constitución dunha cooperativa:

- *A avaliación da viabilidade do proxecto, a través da realización dun plan de viabilidade.*
- *Os trámites para constituírse como cooperativa.*

O plan de viabilidade é unha ferramenta imprescindible para prever todos os elementos económicos e organizativos que é necesario desenvolver para que a cooperativa cumpra o seu fin social, a satisfacción das necesidades das súas socias e socios. É moi recomendable que o grupo promotor busque apoio e acompañamento de persoas e entidades coñecedoras do mundo cooperativo para desenvolver este traballo de planificación, que vai ser o máis seguro alicerce para o éxito da iniciativa. A administración e as entidades asociativas ofrecen o seu apoio nesta fase de planificación previa á constitución das cooperativas.

Unha vez valorada positivamente a viabilidade do proxecto, os trámites de constitución son:

- *Celebración da Asemblea Constituínte. Estará formada polas persoas que promoven a cooperativa, cun mínimo de catro persoas e nas de traballo asociado tres. Elixir na Asemblea quen asuma a Presidencia e a Secretaría dela, entre as persoas asistentes. Deliberar e chegar a un acordo sobre os seguintes temas:*

- *Nomeamento da persoa ou persoas que asuman a responsabilidade xestora (facer todas as tramitacións e xestións oportunas para constituír a cooperativa).*

- Clase de sociedade cooperativa que se pretende constituír e o seu nome.
- Aprobación do proxecto de estatutos sociais da sociedade cooperativa.
- Nomeamento das persoas que, unha vez inscrita a cooperativa, van formar parte dos seus órganos de goberno: Presidencia, Vicepresidencia, Secretaría e Intervención.

- Nomeamento das persoas que outorgarán a escritura de constitución.
- A forma e os prazos nos que se desenvolverán os pagos ao capital social.
- Aprobación das achegas que non son en diñeiro, se as houbese.

● Recoller os acordos anteriores nunha acta, certificada por quen ostente a Secretaría co visto e prace de quen ostente a Presidencia da Asemblea .

● Unha vez decidido o nome da futura sociedade cooperativa a responsable xestora tramitará a solicitude de certificación negativa do nome, dirixida á Sección Central do Rexistro de Cooperativas en Madrid, inscrita no Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais.

● Unha vez aprobado o proxecto de estatutos sociais, dirixir solicitude, co fin de acadar a previa cualificación do proxecto de estatutos, ao Rexistro de Cooperativas (o central se o ámbito da cooperativa é galego, ou o da delegación provincial). O rexistro inscribese na Consellería de Traballo da Xunta de Galicia.

● Ao acadar a cualificación previa dos estatutos procederase a outorgar en acto notarial a correspondente escritura pública de constitución.

● Liquidación do imposto de transmisións patrimoniais, que se saldará a cero por estar exenta do seu pago na Delegación Territorial da Consellería de Economía e Facenda, Sección de Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados.

● Solicitar o C.I.F. na delegación de Facenda, que será necesario para que a sociedade cooperativa poida realizar calquera tipo de actividade.

● No prazo máximo de dous meses desde que estea outorgada a escritura, solicitar a súa inscrición no Rexistro de Cooperativas.



● De carácter xeral

As sociedades cooperativas como calquera outra empresa teñen acceso ao réxime de subvencións, axudas, bonificacións e calquera outra medida de apoio económico establecida polas administracións públicas.

De xeito orientativo, pódese indicar que en Galicia unha gran parte destas medidas de apoio están canalizadas a través do IGAPE (Instituto Galego de Promoción Económica).

● De promoción e divulgación do cooperativismo

Anualmente, a Consellería de Traballo convoca axudas e subvencións para a promoción e divulgación do cooperativismo que inclúen, entre outras, axudas para a posta en marcha de proxectos cooperativos, para o financiamento dos gastos de constitución da entidade e para a elaboración de proxectos técnicos legalmente preceptivos. Todo isto, segundo as bases da correspondente orde de convocatoria.

● De fomento do emprego

A mesma Consellería de Traballo tamén convoca axudas e subvencións, co obxecto de contribuír á creación ou mantemento de postos de traballo en cooperativas.

A orde de convocatoria establece anualmente as condicións e requisitos das distintas axudas, entre as que se atopan as axudas dirixidas ás persoas que adquiren a condición de socias traballadoras, ás dirixidas ás cooperativas que asumen novas incorporacións e as subvencións financeiras de redución de xuros de préstamos.

Entre outros colectivos con dificultades de inserción laboral, estas axudas diríxense ao colectivo de mulleres desempregadas de longa duración, a aquelas que se incorporan ao mercado de traballo despois dun tempo de inactividade por maternidade, ás que van desenvolver unha profesión ou ocupación con menor índice de emprego feminino, ou ás que son titulares de familias monoparentais con responsabilidades familiares, entre outras.

● De actividades específicas

As sociedades cooperativas en razón a actividade que realizan poden ter acceso a outro tipo de beneficios ou subvencións específicas, incluso orientadas especificamente a este tipo de entidades.

A modo de exemplo pódense citar as convocatorias anuais de subvencións dirixidas a cooperativas agrarias realizadas pola Consellería do Medio Rural.

● Capitalización da prestación por desemprego

Outra medida de apoio ao fomento do emprego, a través de cooperativas de traballo asociado, consiste na posibilidade de que as persoas desempregadas perceptoras da prestación contributiva por desemprego, perciban dunha soa vez o importe total do valor da prestación; sempre que se incorporen a unha cooperativa de traballo asociado e coa finalidade de destinar a cantidade percibida á capitalización necesaria para a realización da actividade.

As condicións e requisitos establécense na correspondente normativa reguladora e as solicitudes deben realizarse, con carácter previo ao inicio da actividade, ante a oficina de emprego correspondente. As persoas beneficiarias deste pagamento único

da prestación por desemprego tamén poderán solicitar a correspondente axuda de aboamento de cotas da seguridade social.

● **Axudas a mulleres emprendedoras.**

No ámbito específico das medidas de promoción da igualdade no eido laboral/ empresarial, o Servizo Galego de Igualdade (SGI) convoca axudas dirixidas a mulleres para o seu establecemento como empresarias baixo calquera forma de sociedade, cooperativa ou como traballadoras autónomas. En xeral, a xuda consiste nunha subvención a fondo perdido para os gastos correntes da posta en funcionamento da empresa, regulándose as condicións e requisitos na respectiva convocatoria que, con carácter anual, publica o SGI no Diario Oficial de Galicia.

● **CONVIVE +**

Fundación Galicia Emigración
R/ Vilar, 15
15705 Santiago de Compostela
autoemprego@fundaciongaliciaemigracion.es
www.galiciaaberta.com

● **SERVIZO GALEGO DE IGUALDADE**

Praza de Europa, 15 A - 1º
Área Central. Polígono de Fontiñas
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 981545366. Fax: 981545365
sgpihm@xunta.es
<http://sgi.xunta.es/>

● **CONSELLO GALEGO DE COOPERATIVAS**

Edificio Administrativo San Caetano B1, 5-3º.
15781 Santiago de Compostela.
Tfno.: 981 545540 / 981 541675
www.cooperativasdegalicia.com

● **INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA (IGAPE)**

San Lázaro s/n. 15781 Santiago de Compostela.
Teléfonos: 981 541 175 / 981 541 180
www.igape.es

● **CONSELLERÍA DE TRABALLO DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS LABORAIS**

<http://traballo.xunta.es>
Rexistro Central de Cooperativas
Edif. Administrativo San Caetano, B1 5. 3º.
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 545 540/ 981 541 675

A Coruña
Fernando Macías, 18-20, 1º. A Coruña.
Teléfono: 981 185 890

Lugo
Ronda da Muralla, 70. 27071 Lugo.
Teléfono: 982 294 288

Ourense
Sáenz Díez 33, baixo. 32003 Ourense.
Teléfono: 988 386 389

Pontevedra
Concepción Arenal 8, 36201 Vigo.
Teléfonos: 986 817 686

● **MINISTERIO DE TRABALLO E ASUNTOS SOCIAIS**

DIRECCIÓN XERAL DE FOMENTO DA ECONOMÍA SOCIAL E DO FONDO SOCIAL EUROPEO
Pío Baroja, 6. 28009 Madrid.
Tfno.: 91 363 19 20
www.mtas.es/empleo/economia-soc

ASOCIACIÓN DE COOPERATIVAS CON REPRESENTACIÓN NO CONSELLO GALEGO DE COOPERATIVAS (COGACO)

FEDERACIÓN DE EMPRESAS COOPERATIVAS SINERXIA

Rúa Fernández Villaverde, 4-1º A Of. 3.
36002 Pontevedra.
Tfno.: 986 896 526
sinerxia@sinerxia.org
www.sinerxia.org

UNIÓN DE COOPERATIVAS DE TRABAJO ASOCIADO (UGACOTA)

Rúa Hórreo, 104 Baixo esquerda.
15702 Santiago de Compostela.
ugacota@coceta.com
www.ugacota.org

UNIÓN DE COOPERATIVAS DE ENSINO DE TRABAJO ASOCIADO DE GALICIA (UCETAG)

Rúa Fernández Villaverde, 4-1º A Of.4.
36002 Pontevedra.
Tfno.: 986 896 526
info@ucetag.org
www.ucetag.org

UNIÓN DE COOPERATIVAS "ASOCIACIÓN GALEGA DE COOPERATIVAS AGRARIAS" (AGACA)

Rúa Tomiño, 22-entrecán.
15703 Santiago de Compostela.
Tfno.: 981 584 911 / 981 584 783
agaca@agaca.coop
www.agaca.coop

Lugo
Rúa Poeta Noriega Varela, 30 enpta.
27004 Lugo.
Tfno.: 982 201 514 / 982 201 543

Ourense
Rúa Bedoia, 7, 2º. Of. 1.
32004 Ourense.
Tfno.: 988 242 481

UNIÓN DE COOPERATIVAS AGRARIAS DE FERROL (UCAFE)

Rúa Pascual Veiga, 33-35, entrecán.
15403 Ferrol.
Tfno.: 981 356 399 / Fax: 981 336 735

emprende en cooperativa



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO



www.dicoruna.es



IGAPE
INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA



UNIVERSIDADE DA CORUÑA



FUNDACIÓN GALICIA EMIGRACIÓN



FEGAI
Federación Galega de
Asociacións de Emigrantes
Fillos do Maric



FUNDACIÓN UNIVERSIDADE DA CORUÑA



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral de Emigración